

# Antonio Vázquez, pintor de Betanzos, foreiro do mosteiro de Toxosoutos

CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ\*

As únicas noticias que coñecemos do pintor Antonio Vázquez de Castro, veciño (non sabemos se tamén natural) de Betanzos, figuran no *Diccionario de Artistas que florecieron en Galicia durante los siglos XVI y XVII*, do investigador compostelán Pablo Pérez Costanti.

Non consta o día de nacemento, nin tampouco a poboación, polo que as únicas datas válidas son as dos contratos: o 16 de maio de 1604 encargóuselle unha imaxe da Virxe para a igrexa de Santa María de Guísamo (Bergondo); no mes de abril de 1605 foi admitido por «cofrade de cabeza» na confraría betanceira de San Miguel dos mareantes, coa condición que durante toda a súa vida tiña que pintar e arranxar os arcos para a danza e as figuras de Cristo e dos Apóstolos que saían na procesión do Corpo de Deus; o 22 de abril de 1613 concertou coa comunidade compostelá de Santa Clara o dourado do retábulo da capela maior, ademais de pintar *en el pedestal y llanos* do mesmo os catro evanxelistas.

O 23 de xuño de 1618 atopábase en Betanzos, pois foi un dos que participou na taxación do retábulo da confraría das Ánimas, sito na igrexa conventual de San Domingos, que se lle encomendara a el, pero que cedera a un entallador compostelán, cicais Bartolomeu Delgado. Non deberon quedar moi contentos da obra, xa que para que lle pagasen Antonio Vázquez tivo que acudir ós tribunais, neste caso ó provisor do arcebispado. Pero, anos despois, o 19 de marzo de 1622, recibía 841 réas *por razón del retablo que se hizo para la capilla de dha cofradía*. E aínda o 6 de xullo de 1627 outros 2.450 réas pola mesma obra.

Debeu falecer cara a 1652, pois o 6 de xaneiro do ano seguinte a confraría dos mareantes acordou que lle sucedese no cargo o tamén pintor Francisco de Losada.

## FOREIRO DE TOXOSOUTOS

Na *Tabla de las Felegresías en que tiene hacienda el monasterio de S. Justo...*, figuran tódalas parroquias onde o cenobio disfrutaba de posesións aforadas ou arrendadas. Unha delas era a de Urdilde (do concello de Rois), na que posuía diferentes propiedades nas aldeas e lugares de Pazos, Casal da Vella, O Castro, Carabeles, Casal de Ramiro, Cabanela, Xallas, A Meixoadá, etc. Algúns destes bens, xa os viña posuíndo dende moi antigo, por donación de persoas devotas (como a condesa María Fernández de Traba, que testou o 13 de xaneiro de 1169, e lle deixou parte do lugar do Castro); ou para poderse enterrar na igrexa do mosteiro (como fixo María Fernández, veciña de Urdilde, o ano 1243, entregándolle a súa herdade do Castro e de Casal de Ramiro).

\*Clodio González Pérez é secretario da sección de Etnografía e Folklore do Instituto «P. Sarmiento», e da Xunta Rectora do Museo do Pobo Galego; membro da ponencia de Antropoloxía do Consello da Cultura Galega, etc. É autor de varios libros sobre os maios, a coca, as festas cíclicas do ano, a produción tradicional do ferro en Galicia, etc.

Non sabemos cómo nin cándo chegaron ó poder de Toxosoutos as posesión do Casal da Vella, que daquela coidamos que fose un pequeno lugar con algún veciño, pero que actualmente non son máis que agras situadas entre as aldeas de Agrafoxo e Figueiroa, esta última xa da freguesía de Augasantas.

No século XVI (descoñecemos a data por non figurar en ningún dos moitos documentos len particular foros— que consultamos), estas terras do Casal da Vella estaban aforadas ó cardeal Varela, dignidade da igrexa de Compostela, por unha renda de un real anualmente. Houbo dous cardeais así apelidados, Pedro e Xurxo, polo que non sabemos a cal deles se refire, anque coidamos que sexa ó primeiro, que se atopa enterrado na capela de Sancti Spiritus da catedral, con estatua xacente e o seguinte epitafio: *Aquí iaz Pedro Varela, Cardenal que fue desta Sta. Iglesia. Murió a 22 de julio de 1574. Este enterramiento hes del cardenal Jorge Varela i del R(acionero) Jacome Reimondez de Figueroa i de sus des(cendientes)*. Institueu varias dotes para casar doncelas pobres.

Ó tal cardeal sucedelle Antonio Vázquez, pintor, veciño de Betanzos, posiblemente ó comezo como subforeiro do anterior, que botou máis de trinta anos sen pagar nada ós monxes. Ante tal situación, en 1611 o mosteiro aforou de novo estas posesións, pero a Xoán García de Agrafoxo e a súa muller María Freire, veciños de Urdilde, para si e para un fillo e un neto, por unha renda anual de cinco ferrados de centeo postos na porta do mosteiro. Entón Antonio Vázquez demandou ós monxes, pero o ano 1618 expediuse unha carta executoria a favor do cenobio, polo que quedou sen o devandito Casal da Vella. É de supoñer que o pintor de Betanzos non traballase el as leiras, senón que as tivese subforadas ou arrendadas a outras persoas por unha determinada cantidade de froito.

Debeu seguir na posesión Xoán García de Agrafoxo, porque non temos novas destas propiedades ata 1676, máis de vinte anos despois do falecemento do pintor, cara o ano 1652. Nesta data, o Casal da Vella volveuse a aforar a Xoán García de Seares, por vida de tres reis, e por unha renda anual de doce ferrados de centeo, un bo carneiro ou o seu valor, pagar o dezmo, e outras condicións.

Non coñecemos máis documentación posterior sobre este casal, do que foi foreiro o pintor de Betanzos.

## BIBLIOGRAFÍA

GONZÁLEZ PÉREZ, C.: «Posesións do mosteiro de Toxosoutos na parroquia de Urdilde», *Papeis do Valeirón*, 0, Urdilde, 1997.

LÓPEZ FERREIRO, A.: *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*, VIII, Santiago, 1905.

PÉREZ COSTANTI, P.: *Diccionario de artistas que florecieron en Galicia durante los siglos XVI y XVII*, Santiago de Compostela, 1930.

*Tabla de las Felegresías en que tiene hacienda el monasterio de S. Justo...*, Arquivo histórico universitario de Santiago de Compostela.

«Tumbo de Toxosoutos, transcripción de Vicente Salvado Martínez», *Compostellanum*, XXXVI, núm. 1-2, Santiago de Compostela, 1991.